

## COMPRA – VENTA

- Véndense años e añas de raza INRA 401 Telf: 666 159 761 – Neda (A Coruña)
- Véndese rebaño de 70 ovelas con añas Telf: 650 420 045 – Vilasantar (A Coruña)
- Véndense machos de raza Shuffolk Telf: 608 879 938 – A Pastoriza (Lugo)

## CONTRATO DE EXPLOTACIÓN SUSTENTABLE (CES)

O pasado 30 de xullo técnicos de OVICA asistiron a unha reunión en Santiago co Director do FOGGA (D. Jose Álvarez Robledo) na que se insistiu na necesidade de rematar canto antes ca xustificación da campaña 2008 e así poder acelerar o cobro das axudas. Nesa mesma reunión presentouse a aplicación web (WEBCEX) que permitirá cubrir o caderno de explotación, que é unha das principais ferramentas de traballo do CES.

Dende OVICA estamos a traballar para rematar as visitas e, dese xeito, poder xustificar a campaña 2008.

Queremos tamén lembrar que no momento no que se remate ca campaña 2008 seguiremos traballando para xustificar a campaña 2009.

## CURIOSIDADES

As cabras foron introducidas nas Illas Galápagos por flotas de cazadores de baleas de séculos pasados para asegurar a dispoñibilidade de carne fresca. Esta especie introducida alterou o hábitat dos animais nativos e endémicos que habitan as illas. Estes rabaños desprázanse polas ladeiras volcánicas eliminando a vexetación que fai de cobertura de protección o que pode provocar o barrido por choiva deste prezado solo ademais as tartarugas vense desprazadas dos seus lugares de alimentación.

Como medida ante estes problemas puxéronse en marcha estratexias de erradicación de cabras nas illas mediante cacería aérea, cacería por terra e mediante cabras "Judas" (animais esterilizados con colares localizadores que axudan a localizar as restantes cabras salvaxes. Un exemplo é o Proxecto Isabela cuxo resultado foi a erradicación total de cabras no norte da illa Isabela.

Desde o ano 2000 mataron máis de 250.000 exemplares nas Illas Galápagos!!



Fonte das fotos: [www.galapagospark.org](http://www.galapagospark.org)



ADSG **ACIVO**  
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira  
de ovino e caprino de Galicia

**COVIÇA**  
evolución na calidade



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 50 XULLO 2009

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo  
Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211  
Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428  
Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)  
Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## SERVIZOS DE XESTIÓN

OVICA, como ben sabedes, está recoñecida como entidade de aconsellamento e xestión dende outubro de 2008. O servizo de aconsellamento é obrigatorio para aquelas explotacións que teñen subscrito o Contrato de Explotación Sustentable. Este servizo abrangue o aconsellamento nos seguintes ámbitos:

- Boas Condicións Agrarias e Medioambientais
- Requisitos Legais de Xestión
- Seguridade Laboral
- Relevo xeracional e inicio de actividade de persoas agricultoras mozas
- Medidas positivas dende a vertente de xénero

Ademais do servizo de aconsellamento tamén poñemos a disposición dos socios os servizos de xestión:

- **Reprodución**
- **Alimentación**
- **Xestión Técnico – Económica**

Nun principio estanse iniciando en explotacións de ovino de leite pero esperamos que vos interese a moitos máis!

Lembramos que se pode solicitar unha axuda para cubrir ata o 80% do custe destes servizos.

Todos/as aqueles que estades interesados en contratar estes servizos ou en recibir máis información ao respecto poñédevos en contacto con OVICA!!!!

## LEXISLACIÓN

ORDE DO 22 DE XULLO DE 2009 (DOG Nº149 venres 31 de xullo de 2009): apertura do prazo para a presentación da **renovación do compromiso** polos titulares de explotacións beneficiarios das axudas para o fomento de sistemas de produción de **razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos** (Orde do 18 de abril de 2008). Prazo ata o 1 de setembro de 2009!!!

## RAZA: PELIBUEY



Raza de orixe africana, ben adaptada tanto a condicións de clima tropical húmido, como desértico e incluso temperado. Raza non estacional, os efectos climáticos sobre o estro non están ben definidos, pero en condicións de alimentación adecuada sofren poucas variacións estacionais.



Animais de conformación cárnica con boas masas musculares. Sen la, con pelo corto e espeso. Admítense tres cores: canelo, branco ou pinto.



**CAIXA RURAL GALEGA**

## SPRAYS ANTIBIÓTCOS (Antibióticos de uso tópico)

### Aplicacións

Recordade sempre que antes de aplicar o spray hai que limpar as feridas de tecidos mortos e sucidade. Deste xeito facilitaremos a actuación do produto e a cicatrización da ferida. O emprego de antibióticos de uso tópico en pulverización é moi frecuente. As principais indicacións dos sprays antibióticos son:

- feridas
- desinfección do cordón umbilical dos recen nados
- tratamento local do Pederero

O emprego rutineiro destes produtos en ocasións leva aparellada unha perda de atención no que a calidade do produto, fiabilidade do sistema de administración e relación custe – beneficio se refire. A enorme oferta destes produtos dificulta a toma de decisións respecto a qué marca empregar.

### Composición

Na maioría de sprays o antibiótico empregado é o mesmo. Con todo existen grandes diferenzas no aproveitamento do produto na súa totalidade (antes de que se acabe o gas), a capacidade de impregnar a zona tratada e a persistencia do tratamento. É importante que se establezan experiencias comparativas (como as realizadas polos técnicos de ACIVO e OVICA que aparecen no boletín nº 48, de maio 2009) para extraer conclusións que faciliten unha elección o usuario pois hai propiedades destes preparados que normalmente pasan desapercibidas.

### As vantaxes da tecnoloxía ABS

Actualmente os sprays empregan butano e propano como gases de propulsión. Isto fai que sexan perigosos porque son inflamables. Furfurin clort® emprega o nitróxeno (gas inerte e maioritario na atmosfera) o que o fai seguro no seu uso e almacenaxe.

Furfurin clort® adoptou a tecnoloxía ABS (Advanced Barrier System - Sistema Avanzado de Barreira). Este sistema consiste en que a solución antibiótica atopase nunha bolsa flexible e colapsable, quedando illada do gas. O formato ABS, evita deste xeito a perda de capacidade de pulverizar o produto, asegurando o aproveitamento total do contido do envase.

Coma sempre, podeades dispoñer deste produto a través da ADSG ACIVO e do seu equipo de veterinarios/as.

**Javier Marcos Sainero**  
Director Veterinario  
Farco Veterinaria, S.A.

en colaboración co equipo veterinario/a da ADSG ACIVO

## DESVELLE

Este mes, no que rematou o período de retención, é un bo momento para desfacerse dos animais improdutivos do rabaño. Entre eles atópanse os animais vellos (máis de 10 anos), os que teñen unha enfermidade crónica (pedero, pneumonía,...) e aqueles que levan máis dun ano sen parir. Tamén podemos incluír os animais que os veterinarios da ADSG ACIVO vos recomendaron descartar e aqueles que por razón de comportamento representan unha carga de traballo excesiva.

É bo lembrar que este traballo non pode estar condicionado pola falta de animais de recría. Para iso recomendamos que se garde un 15% de reposición cada ano.

Todos aqueles que desexen desfacerse dos animais de desvelle poden poñerse en contacto con OVICA. Realizaremos unha rolda de chamadas a aqueles socios/as que teñen animais pendentes de retirar e xa están apuntados na lista de desvelle.

# Furfurin *clort.*

Spray antibiótico para a desinfección de feridas, do cordón umbilical e para o pedero



- **Máxima eficacia**

- **Gran persistencia**

- **Sen propelentes nocivos nin inflamables**


- **0 mais duradeiro/económico**  
Ver estudio comparativo do nº de maio/09 do Boletín de OVICA

*¡Consulte ós técnicos da súa ADSG!*

Farco Veterinaria, S.A.  
www.farcovet.com



## TOSQUIADO DE OUTONO



Cada ano hai mais gandeiros/as que queren tosquiar de novo as ovelas en outono.

Todos/as os socios/as que queiran tosquiar o seu rabaño no outono poden poñerse en contacto con OVICA.